

Centro de Investigación Excelente do Sistema Universitario de Galicia - CITIC

FONDOS PARA VIAXES CO OBXECTO DA PRESENTACIÓN DE TRABALLOS EN CONGRESOS INTERNACIONAIS EN 2026

Ésta é unha acción aprobada polo Comité de Dirección do 25 de febreiro de 2026, encadrada dentro das accións estratéxicas do CITIC para o ano 2026.

Póñense a disposición das persoas adscritas ao CITIC fondos para viaxes cuxo obxecto sexa a **asistencia a congresos internacionais para a presentación de traballos**, sexa en formato de publicación, presentación oral ou póster.

FINANCIAMENTO DA CONVOCATORIA: Esta acción está financiada polo CITIC, centro excelente do Sistema Universitario de Galicia e membro da Rede CIGUS, mediante os fondos do Convenio de Accións Estratéxicas de I+D+i 25-26, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

O financiamento desta acción queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos Orzamentos da UDC para o ano 2026.

TIPOLOXÍA DE GASTO: Gastos de viaxe, aloxamento e manutención, segundo normativa UDC, para o persoal adscrito ao CITIC.

Poderán financiarse viaxes cuxa data de finalización sexa anterior ao 12 de outubro de 2026, **data que pode variar en función das datas de peche da Universidade da Coruña para estes fondos.**

REQUISITOS:

- ⇒ Ser Persoal Docente e/ou Investigador con relación laboral ou estatutaria coa UDC, ou ter matrícula en vigor na UDC, e estar adscrito ao CITIC no momento da solicitude e durante a realización da viaxe para a asistencia ao congreso.
- ⇒ Presentar un traballo, en cuxos agradecementos terá que constar a mención que se especifica ao final deste documento.
- ⇒ Cumprir a condición de filiación: A persoa solicitante debe cumprir os requisitos de Filiación ao centro descritos na normativa de adscripción subscrita. Revisarase a filiación das publicacións do período 2020-2025 e nas redes e plataformas científicas.

SOLICITUDES:

As solicitudes faranse mediante o envío dun correo electrónico a xestion.economica.citic@udc.gal achegando o seguinte:

- ⇒ Correo de aceptación do traballo no congreso.
- ⇒ Datos do congreso: nome do congreso, data e lugar de celebración.

Centro excelente do Sistema Universitario de Galicia. Membro da Rede CIGUS

Subvencionado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e cofinanciado pola UE PO FEDER Galicia 2021-2027. "Unha Europa máis intelixente: transformación económica innovadora e intelixente"

⇒ Datos da viaxe:

- Persoa que vai ao congreso e tipo de persoal. No caso de non tratarse de PDI, deberase achegar contrato laboral en vigor ou matrícula no Programa de Doutoramento, segundo proceda.
- Estimación de importes:
 - Gastos a tramitar por axencia de viaxes: Aloxamento (tendo en conta o límite por país establecido na normativa UDC), billetes de avión, traslados de/a Aeroporto (de tramitarse vía axencia).
 - Gastos a tramitar por dietas: Manutención (segundo a normativa UDC) e gastos de transporte que non se poidan contratar a través de axencia de viaxes.

A aceptación das solicitudes farase por orde de chegada, ata esgotamento dos fondos.

PROCEDIMENTO PARA O PAGAMENTO DA AXUDA: O procedemento de pagamento da axuda realizarase ao abeiro da normativa da Universidade da Coruña.

Por motivos operativos, non se tramitarán adiantos do importe a tramitar por dietas.

DOCUMENTACIÓN PARA A TRAMITACIÓN: O solicitante terá que enviar, enviando a seguinte documentación a xestion.economica.citic@udc.gal:

- ⇒ Orzamento da axencia de viaxes.
- ⇒ Solicitud de permiso UDC para a viaxe.
- ⇒ Programa, ou referencia á web do congreso onde se atope.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR Á VOLTA DA VIAXE:

- ⇒ Certificado de asistencia ao congreso.
- ⇒ Traballo presentado no congreso, no que conste a mención que se especifica ao final deste documento.
- ⇒ Concesión do permiso da UDC para a realización da viaxe para a asistencia ao congreso (e calquera outro pertinente).
- ⇒ Formulario de dietas UDC en formato editable, cos datos da persoa que viaxa para presentar o traballo.
- ⇒ Xustificantes das viaxes, segundo medio/s de transporte utilizado/s: Tarxetas de embarque, billetes de tren, billetes de autobús, tickets de peaxe, facturas de taxi, etc.

No caso de ter orixinais en papel, deberán presentarse en CITIC para a súa custodia para futuras auditorías.

A documentación final presentase no CITIC dentro dos **sete días naturais** seguintes á finalización da viaxe, sen superar a data límite do **13 de outubro de 2026**.

REPOSITORIO:

Toda a documentación referente á presente convocatoria poderá atoparse en <https://citic.udc.es/intranet/>.

INSTRUCCIÓN PUBLICIDADE AXUDAS:

As persoas beneficiarias obrigatoriamente deberán dar publicidade da orixe do financiamento da actividade subvencionada, facendo referencia expresa en todas as publicacións, relatorios, presentacións, pósters... que leven a cabo, ao financiamento da **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Xunta de Galicia - Convenio para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2025-2026)**, e incluído adicionalmente o **logo da Xunta no caso de presentacións orais ou posters**.